



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

# ACTA DO PLENO CORPORATIVO

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

#### Concelleiros:

Maria José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M<sup>a</sup> Hermo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gaciño (PSdG- PSOE)

M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

#### Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as 20:05 horas do día 28 de decembro de 2015, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúneose o Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumple a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

### A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1) Aprobación inicial dos Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o exercicio 2016.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfn: 981-867412  
Fax: 981-767358

## ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	PREVISIÓNS INICIAIS 2016 (€)
1	Impostos directos	1.905.731,04
2	Impostos indirectos	47.759,86
3	Taxas e outros ingresos	1.569.319,88
4	Transferencias correntes	2.557.706,12
5	Ingresos patrimoniais	25.570,27
	Ingresos correntes	<b>6.106.087,17</b>
6	Alleamento de investimentos	0,00
7	Transferencias de capital	919.822,54
	Gastos de capital non financeiros	<b>919.822,54</b>
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Ingresos financeiros	<b>30.050,00</b>
	Ingresos totais	<b>7.055.959,71</b>

**SEGUNDO:** Aprobar o límite de gasto non financeiro por **7.085.351,25 €**, de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Este límite máximo ten en conta os gastos finanziados coas subvencións previstas no orzamento. No caso de que, como consecuencia da concesión de novas subvencións durante o exercicio se incremente o gasto non financeiro, só computarase a achega municipal, xa que o gasto financiado con subvención non supón un incumprimento da regra de gasto.

**TERCEIRO:** Aprobar o cadre de persoal.

**CUARTO:** Aprobar as bases de execución do orzamento.

**QUINTO:** Aprobar, en cumprimento do artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a masa salarial do persoal laboral, que ascende a **738.809,46 €**.

**SEXTO:** Expor o orzamento e o cadre de persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os Interesados poldan examinalo e presentar reclamacións. No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumplirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

**SÉTIMO:** Publicar a masa salarial aprobada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

**OITAVO:** Dar conta do informe de avaliación de estabilidade orzamentaria do 18 de decembro de 2015 Incluído no expediente.

Porto do Son, 18 de decembro de 2015  
O alcalde  
Asdo.: José Luis Oujo Pouso"

Dª. Josefa Hermo García di que os Orzamentos que se traen ao Pleno son uns Orzamentos para "ir tirando" administrativamente, xa que non repercuten no incremento da economía nin da industria. Tamén apunta que lle gustaría saber cantos postos de traballo van crear e como van potenciar a economía sonense, e especialmente impulsar e consolidar o turismo, que é un pilar económico. Engade que botan en falta axudas ao pequeno comercio, a potenciación do viveiro de empresas e medidas para consolidar o asentamento de familias de mozos.

Dª. Mª Asunción Torres Parada sinala que, digan o que digan desde a oposición, de nada vai valer. Di que quere reseñar que nos Orzamentos queda patente unha suba impositiva



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

superiores aos últimos aprobados, seguindo unha tendencia á alza que consideran necesaria para prestar servizos e atender as novas necesidades.

A Sra. Maneiro Quintáns, en relación ao manifestado nas anteriores intervencións, explica que se vai aumentar a recadación tributaria, pero non aumentando os tributos senón mellorando a súa xestión, que era moi deficiente ata 2011. Para iso, di actualizaranse os padróns fiscais o que, ademais, é unha cuestión de xustiza e igualdade pois non pode ser que uns veciños paguen e outros non. Segue explicando que se vai reducir o endebedamento municipal, que era do 89% cando accederon ao goberno, e que será do 37% a fins do 2016.

En materia de persoal, a Sra. Concelleira de Facenda detalla que se crean novas prazas de empregados públicos, unha delas a dun operario varredor, que se incrementa a masa salarial dos empregados municipais consonte ao previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e que se consigna o importe necesario para devolver a parte pendente da paga extra de 2012.

No apartado do gasto social, a Sra. Maneiro Quintáns explica que se incrementa un 30% e que se garante a atención ás emerxencias sociais, pois nin houbo nin haberá ningunha situación de emerxencia social que deixa de atenderse por falta de fondos. Continúa detallando que nestes Orzamentos se triplica o gasto en educación pois consideran que se trata dunha área na que hai moito que mellorar.

A Sra. Maneiro Quintáns indica que, por primeira vez, se crea unha bolsa de subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro que atenden aos veciños, como Cáritas ou Amicos. Tamén se creará unha bolsa de 10.000 euros para clubs deportivos e deportistas.

En materia de emprego, sinala que seguirán apostando polos obradoiros de emprego e pola formación, continuando co servizo de orientación laboral.

Doutro lado, explica que se van por en marcha servizos dos que o concello carecía ata o de agora, como a piscina municipal e que suporán un importante incremento do gasto. Tamén indica que non se esquece o investimento nos Orzamentos: atenderanse as necesidades das parroquias, incremento a seguridade viaria con beirarrúas, construirase a ludoteca, iniciarase a recuperación da alameda, arranxaranse pistas e continuarase dotando de saneamento aos núcleos. As actuacións de investimento supoñen máis de 1 millón de euros.

Todas as actuacións enumeradas, sinala a Sra. Maneiro Quintáns, acometeránse cumplindo coa regra de gasto e coa estabilidade orzamentaria.

En relación ao dito pola voceira do PSdG- PSOE, sinala que a voceira socialista sabe que as políticas de emprego non son competencia municipal pero farán o posible favorecer o emprego, con obradoiros de emprego, mediante o servizo de orientación laboral e con cursos e clases de formación no viveiro de empresas. Engade que seguirán a colaborar co pequeno comercio, como sempre fixeron. Tamén favorecerán o asentamento de familias coa aprobación do Plan Xeral.

Respecto do manifestado pola Sra. Torres Parada, afirma que non se van incrementar os impostos. Indica, tamén, que nos Orzamentos, xa se prevén accións formativas e de emprego, e que están garantidas as axudas de emerxencia social e explica que cando a Sra. Torres Parada foi Concelleira de Servizos Sociais a partida para ese fin era de 0 euros. Continúa explicando que os Orzamentos para 2016 se consignan 921.000 euros para Servizos Sociais, o que supón un incremento do 30% respecto dos últimos orzamentos. Considera que a voceira de Portodos está a facer unha política populista cos Servizos Sociais sen mirar o documento dos Orzamentos.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Sinala que a Sra. Concelleira de Facenda dixo que ningunha persoa en risco de exclusión social que o solicitase foi desatendida, pero hai ducias de persoas que non saben que teñen que solicitar esas axudas e que permanecen esquecidas nas súas casas e pídelle á Sra. Maneiro Quintáns que dea unha volta polas parroquias, pero non para pedir o voto. Engade que é unha mágoa que se estea a gobernar para uns poucos privilexiados pois ela está a falar de persoas, áinda que se o fixese sobre pedras tal vez lle prestarián máis atención. Reitera que se trata de persoas que non saben como actuar e que, en ocasións, so dispoñen da axuda dos seus veciños. Resúltalle penoso que esas persoas, que tamén pagaron os seus impostos, permanezan desatendidas.

Noutra orde de cousas, a voceira de Portodos sinala que os Orzamentos recollen un esforzo económico escaso para actividades deportivas e deportistas destacados, pois 10.000 euros son uns fondos moi escasos, que logo se van esgotar, e que non son suficientes para apoiar a carreira de deportistas mozos destacados. Considera que a esos deportistas se lles debería dar un maior apoio económico pois xa teñen visto como deportistas prometedores quedan polo camiño por falta de apoio.

Dª. Mª Asunción Torres Parada, sobre o dito pola Sra. Maneiro Quintáns de que cando ela foi Concelleira de Servizos Sociais non se prestaban tantas horas de servizo de axuda no fogar, menciona que a grave situación económica era moi grave, non coma na actualidade pero, por desgraza, agora son más os que precisan de axuda.

Dª. Mª Ánxela Franco Pouso, en relación coa rede wimax, sinala que o goberno municipal nunca tivo intención de recuperar o servizo.

Por outra banda, sinala que segue habendo 181.000 euros de facturas pendentes do 2015, a pesares dos pagos que se aprobaron nas últimas sesións plenarias.

A voceira nacionalista apunta que difícilmente poden facer achegas aos Orzamentos cando o documento está pechado, pero as súas son as seguintes:

- rematar as negociacións para aplicar o "plan BIC" do castro de Baroña e deixar de pedir subvencións e de acudir ao Grupo de Acción Costeira (GAC), pois parécelle fóra de lugar que se soliciten fondos europeos para este fin sabendo cal é o estado no que se atopa o sector do mar.
- Presentar as súas ideas para a recuperación da alameda de Porto do Son, suxeríndolle que redacten un proxecto.
- Se dote unha partida na área de Servizos Sociais para evitar que a Deputación da Coruña trámite embargos motivados polo impago de tributos municipais. Engade que se trata dunha medida que solicitou xa en catro plenos sen que se recollese nos Orzamentos, polo que deduce que non lles importa.

A Sra. Franco Pouso sinala que se mencionou que por primeira vez se prevén subvencións para asociacións, pero trátase de entidades que están funcionando con axudas concedidas por outros concellos. Por outra parte, se a Sra. Maneiro Quintáns cre que sería bo aprobar unha ordenanza de subvencións, ínstaa a que o faga. Tamén di que se lle debería dar a mesma axuda a todas as comisións de festas pero, nese caso, o goberno municipal perdería a capacidade de vender favores. Continúa sinalando que o goberno local presume das subvencións a asociacións pero non suman máis ca uns 5.000 euros, fronte aos 15.000 euros para a carreira "Sin- Son". Engade que está a favor da carreira "Sin- Son" pero non se pode tratar do mesmo xeito a quen realiza unha actividade un día que a quen está traballando todo o



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Referíndose ao manifestado pola Sra. Torres Parada, a Sra. **Maneiro Quintáns** afirma que o governo municipal ten un compromiso firme cos veciños que o están pasando mal, e considera que a voceira de Portodos está a desprezar a esas persoas ao empregalas para facer política.

A Sra. **Maneiro Quintáns**, en alusión á intervención da Sra. Franco Pouso, recoñece que é certo que van pagar facturas pendentes pois págannle a todos os provedores, e recorda que ao pouco de entrar no goberno pagaron 1 millón de euros en facturas do goberno do que formou parte a voceira do BNG.

Sobre a presentación de proxectos ao GAC, explica que se trata dunha entidade que non xestionan e que poden optar aos seus fondos en condicións de igualdade coas confrarías de pescadores ou os particulares que o soliciten.

No referido ás medidas para evitar embargos por impagos de tributos municipais, indica que para ese fin existen as axudas de emerxencia social e no tocante ao reparto de subvencións, sinala que consideran que bo que haxa unha previsión das axudas que se van conceder.

En canto á igualdade no trato ás comisións de festas, explica que non consideran igualdade dárslas o mesmo tratamento a festas que son diferentes, mais tentan tratar con igualdade a todos.

En referencia ao investimento nas pistas do concello, sinala que basta con percorrer as pistas do concello para ver que non están en mal estado. Acerca do financiamento da Deputación Provincial para a construcción de beirarrúas, indica que o POS sempre existiu e se aproba todos os anos e non porque a Sra. Franco Pouso estea nesa entidade. Para concluir, respecto da contratación dun lector dos contadores de auga, apunta que a empresa que fai as lecturas non cobra tanto como a voceira do BNG dixo pero, en todo caso, antes pagábase un soldo a quien deixaba sen ler 1.500 contadores mentres que, agora, teñen as lecturas de todos e afirma que gasto era o de antes.

**D. José Manuel Deán Pouso** fai uso da palabra para felicitar á Sra. Maneiro Quintáns, dicindo que fixo un traballo espléndido na elaboración dos Orzamentos Xerais do concello e que é moi difícil atopar a unha persoa coa súa capacidade.


O Sr. **Alcalde- Presidente** fai extensivo o agradecemento do Sr. Deán Pouso á Sra. interventora. Engade que son uns Orzamentos á alza porque coñecen os gastos e os ingresos dos que disporán. Remata sinalando que lle gustaría contar co apoio dos grupos da oposición.

Non habendo máis intervencións, o Sr. **Alcalde- Presidente** dá paso á votación do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP), con dous (2) votos en contra (2 BNG) e con catro (4) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos), polo tanto co quórum da maioría absoluta, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Unha vez que está confeccionado o orzamento para o exercicio 2016, así como toda a documentación que o compón, de acordo co artigo 166 texto refundido da Lei das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, corresponde iniciar a súa tramitación para a aprobación e entrada en vigor.

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

**SEGUNDO:** Aprobar o límite de gasto non financeiro por 7.085.351,25 €, de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Este límite máximo ten en conta os gastos finanziados coas subvencións previstas no orzamento. No caso de que, como consecuencia da concesión de novas subvencións durante o exercicio se incremento o gasto non financeiro, só computarase a achega municipal, xa que o gasto financiado con subvención non supón un incumprimento da regra de gasto.

**TERCEIRO:** Aprobar o cadre de persoal.

**CUARTO:** Aprobar as bases de execución do orzamento.

**QUINTO:** Aprobar, en cumprimento do artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 738.809,46 €.

**SEXTO:** Expor o orzamento e o cadre de persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co dispuesto no artigo 169 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumplirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

**SÉTIMO:** Publicar a masa salarial aprobada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

**OITAVO:** Dar conta do informe de avaliación de estabilidade orzamentaria do 18 de decembro de 2015 incluído no expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as 21:15 horas, do día 28 de decembro de 2015, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
  
Asdo D. José Luis Oujo Pouso

O SECRETARIO, que da fe.  
  
Asdo. Jose Manuel González García.  
EXCMO. CONCELLO DE  
SECRETARIA  
PORTO DO SON \*